

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:34:23

**SAIDA 10407/19**

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 094/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 25 de xuño de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 25 de xuño de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra o trámite de vista do expediente de obras que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria levou a cabo no ano 2016 de substitución do tellado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos de Boborás.

A reclamante indicaba que a pesar de que a obra abonada pola Xunta de Galicia foi a substitución da cuberta, a obra que en realidade executouse foi non só cubrir a uralita preexistente, senón que tamén parece terse manipulado, poñendo en risco a saúde dos menores, profesores e demais persoas que diariamente asisten do devandito centro educativo, polo que ademais tivo que manipularse algún tipo de documentación para que a Xunta de Galicia abonase a factura por un traballo como é a substitución do tellado, que en realidade non levou a cabo.

A reclamante considera que a pesar de serlle concedido o acceso ao expediente, na práctica non só se lle ocultou o mesmo senón que as respostas que se lle deron sobre a falla de documentación que se lle exhibía pretendían enganala.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, dun escrito de data 25 de xuño de 2016 que ten aparencia de copia dun correo electrónico remitido por [educación.ourense@xunta.gal](mailto:educación.ourense@xunta.gal) no que solicita copia completa do expediente de substitución do tellado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos de Boborás, e copia do oficio da Xefa Territorial de Ourense, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**Segundo.** Con data 27 de Xuño de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 3 de xullo de 2019.

**Terceiro.** Con data 26 de xullo de 2019 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe indícase que a vista do expediente, que se levou a cabo o día 21 de xuño de 2019, déuselle acceso á interesada o expediente de contratación e execución da obra.

Durante a vista, a reclamante manifestou que non estaba interesada no aspecto contractual do expediente, senón que buscaba detalles da execución da obra: licenza de obra, proxecto técnico e informes de execución e sinalou que advertía discrepancia entre o título do expediente no que se facía referencia a "substitución" e a obra executada.

Informóuselle das características da tramitación do expediente, a obra foi contratada seguindo o procedemento previsto, por razón do seu importe, para os contratos menores de obra na normativa vixente no momento da contratación. En cumprimento da normativa de aplicación, no expediente constan os documentos detallados no índice incluído na certificación emitida pola xefatura territorial en data 28.06.2019, que se lle enviou á interesada e que anexa ao informe. Respecto aos aspectos construtivos non se lle puideron aclarar as dúbidas dado o carácter xurídico-administrativo das funcionarias que a atendían e ao non atoparse na oficina o persoal da Unidade Técnica. En datas 28/06/2019 e 1/07/2019 envióuselle á interesada a certificación e copia do expediente do que remite copia.

O informe da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional inclúe no seu informe unha explicación da tramitación do expediente obxecto de acceso á información.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada déuselle vista do expediente, que é o acto contra o que reclama, con data do 18 de xuño de 2019 (vista que tivo lugar o 21 de xuño, segundo consta no informe da Consellería) e a reclamación tivo entrada no Rexistro



do Valedor do Pobo con data do 25 de Xuño de 2019, debe admitirse a por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Como xa ten manifestado esta Comisión da Transparencia, o artigo 28 e a disposición adicional 5ª en relación co artigo 33 da Lei 1/2016, configuran a esta Comisión como órgano independente de control das resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contenciosa administrativa.

Como establece o artigo 2 da Lei 1/2016, existen principios distintos, aínda que complementarios, para o desenvolvemento da citada norma. En base ao principio de transparencia, toda a información pública debe ser accesible, tendo toda persoa acceso libre e gratuito a ela, nos termos establecidos legalmente, e en base ao principio de participación cidadá, debe proveerse á cidadanía, da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos e presentar, de ser o caso, as correspondentes reclamacións ou recursos, cando consideren que unha Administración non actuou conforme á Lei.

No presente caso, a interesada considera que no trámite de vista que se concedeu, falta documentación que debería existir. Non se pode esquecer que a Lei 1/2016, establece o dereito de calquera persoa a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. No presente caso, pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en Ourense, deulle trámite de vista e remitiulle copia (segundo consta mediante certificado na documentación remitida) de todo o actuado no expediente solicitado, polo que a interesada accedeu á documentación do expediente en poder da Administración. Do anterior, necesariamente debe concluírse que a Xefatura Territorial cumpriu coa súa obriga de conceder o acceso á información solicitada.

Obtida a información que consta no expediente, a interesada exerceu o seu dereito á información. A partir dese momento, se a interesada considera que o expediente se tramitou incorrectamente porque faltan trámites por realizar, pode presentar os recursos e reclamacións que considere convinte ante a Consellería ou o órgano competente en materia de contratación que corresponda, sen que sexa competencia desta Comisión fiscalizar a correcta tramitación dun expediente de contratación.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,